

Contas económicas trimestrais. Cuarto trimestre de 2008

Contas económicas anuais. Serie 1995-2008

NOTA DE PRENSA


A economía galega rexistra un crecemento do 1,8% no 2008

No cuarto trimestre de 2008 o PIB galego creceu un 0,4% con respecto ao mesmo período do ano anterior

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no cuarto trimestre de 2008 rexistrou un crecemento do 0,4% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é inferior en 1,1 puntos ao rexistrado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego supera en 1,1 puntos ao obtido pola economía española (-0,7%) e en 1,5 puntos ao estimado para a Unión Europea (-1,1).

O crecemento intertrimestral sitúase no -0,2%, tres décimas menos que no trimestre anterior.




Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Por agregación dos datos trimestrais, o crecemento do PIB galego en 2008, expresado en volume, foi do 1,8%, 2,2 puntos menos que no ano 2007. Este dato, de novo é superior ao estimado para o conxunto de España (1,2%) e para o conxunto dos Estados Membros da Unión Europea (0,9%).

Demanda

No cuarto trimestre de 2008, a demanda en termos nacionais contribúe máis negativamente ao crecemento do PIB que no trimestre anterior, dos -0,1 puntos pasa a -1,2 puntos. Non obstante, obsérvase unha mellora da contribución do sector exterior (de 1,6 a 1,7 puntos).

Para o conxunto do ano 2008, a contribución da demanda nacional ao crecemento agregado moderouse en 4,5 puntos con respecto ao ano 2007, pasando de 5,3 a 0,8 puntos. Polo contrario, a demanda exterior neta mellora en 2,3 puntos a súa contribución ao crecemento do PIB, pasa de -1,3 a 1,0 puntos.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2007	2008	2007				2008			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	4,0	2,1	5,1	4,3	3,6	3,3	2,5	2,2	2,0	1,7
-Gasto en consumo final dos fogares	4,0	1,2	5,3	4,3	3,5	3,1	1,9	1,4	0,9	0,7
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	4,1	5,2	4,7	4,1	3,7	3,7	4,7	5,4	5,5	5,2
Formación bruta de capital	5,8	-2,1	7,0	4,8	6,3	5,3	2,6	-0,1	-4,2	-6,6
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	5,3	0,8	6,6	5,1	5,1	4,6	2,9	1,7	-0,1	-1,2
Exportacións de bens e servizos	6,4	-0,5	7,7	6,3	8,3	3,6	0,3	2,2	0,7	-5,0
Importacións de bens e servizos	6,9	-1,6	9,5	6,3	7,9	4,0	0,1	0,9	-1,3	-6,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,0	1,8	4,1	4,1	4,1	3,7	3,1	2,4	1,5	0,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares crece un 0,7% no cuarto trimestre de 2008, dúas décimas inferior ao crecemento que experimentou no trimestre anterior. Este resultado é consecuencia da evolución dos principais indicadores deste agregado, que presentan menores crecementos neste trimestre que no anterior (nivel de emprego da economía, índice de vendas de comercio polo miúdo, matriculacións de turismo...). No mesmo período, o gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro presenta unha taxa de crecemento do 5,2%, tres décimas menos que no trimestre anterior.

Con este perfil, amosado durante todos os trimestres do ano, o gasto en consumo final crece un 2,1% en 2008, 1,9 puntos menos que en 2007.

A formación bruta de capital reduce a súa taxa de crecemento neste cuarto trimestre de 2008, desde o -4,2% ata o -6,6%. Esta evolución é resultado da contracción do sector da construción e do investimento en bens de equipo, xa que tanto a produción industrial como as importacións deste tipo de bens e a matriculación de vehículos de carga presentan taxas de crecemento inferiores ao trimestre anterior. No conxunto do ano 2008, a formación bruta de capital diminúe un 2,1%, dato 7,9 puntos inferior ao rexistrado un ano antes.

Como xa se comentou anteriormente, no cuarto trimestre de 2008 a achega da demanda externa neta é superior en unha décima á do trimestre anterior. As exportacións reducen a súa taxa de crecemento no cuarto trimestre, desde o 0,7% ata o -5,0%. Pola súa parte, as importacións descenderon un 6,1%, o que supón un retroceso de 4,8 puntos sobre o crecemento do trimestre precedente.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, en 2008 todas as ramas de actividade, a nivel agregado, tiveron un comportamento máis desfavorable que un ano antes.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións			2007				2008			
	2007	2008	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	2,3	-1,1	-1,7	3,4	4,6	2,7	3,6	-2,5	-2,0	-3,2
Ramas enerxéticas	1,8	-2,1	6,7	0,8	1,5	-1,6	-5,7	-1,3	0,9	-2,1
Ramas industriais	4,3	-1,6	6,0	3,8	7,2	0,3	3,0	-0,2	-0,8	-8,2
Construción	4,3	-0,3	3,5	4,1	4,8	4,9	3,4	1,2	-1,7	-3,8
Ramas dos servizos	4,2	3,8	3,7	4,4	4,2	4,5	4,4	4,1	3,5	3,3
- Servizos de mercado	4,3	3,4	4,2	4,1	4,2	4,5	4,0	3,8	3,3	2,8
- Servizos non de mercado	4,0	5,1	2,0	5,5	4,3	4,3	5,9	5,3	4,4	5,0
Impostos netos sobre os produtos	3,4	0,7	2,7	3,5	8,5	-1,0	4,6	2,2	-4,2	0,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,0	1,8	4,1	4,1	4,1	3,7	3,1	2,4	1,5	0,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

No cuarto trimestre de 2008, as ramas agraria e pesqueira decreceron un 3,2%, en liña cos indicadores de actividade dispoñibles que indican decrecementos interanuais. No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual inferior á do trimestre anterior, en sintonía coa evolución do índice de produción industrial, presentando un rexistro do -8,2%. As ramas enerxéticas rexistran un decrecemento do 2,1%, tres puntos por debaixo do crecemento do trimestre anterior.

O sector da construción presenta no cuarto trimestre de 2008 unha taxa de crecemento do -3,8%, 2,1 puntos inferior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior, debido basicamente á desaceleración da edificación, sobre todo a residencial.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento do 3,3%, dúas décimas inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en cinco décimas ao rexistrado no terceiro trimestre de 2008, quedando situada a taxa no 2,8%. Os servizos non de mercado creceron un 5,0%, seis décimas máis que no trimestre precedente.

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, creceu no conxunto do ano 2008 un 0,4%, 2,4 puntos menos que o estimado un ano antes. Esta taxa supón a creación neta de 4.173 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

			2007				2008			
	2007	2008	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-3,0	-3,8	-3,4	-0,4	-3,8	-4,5	-3,2	-6,7	-2,9	-2,4
Ramas enerxéticas	-6,1	-2,2	-4,1	-6,2	-7,3	-7,0	-3,3	-1,7	-1,5	-2,2
Ramas industriais	2,8	-0,9	2,3	2,3	3,2	3,5	1,4	0,3	-1,4	-3,8
Construción	3,8	-5,6	4,7	4,8	3,3	2,4	-0,9	-3,5	-7,0	-11,1
Ramas dos servizos	3,6	2,5	4,8	4,0	3,2	2,3	2,9	3,4	2,7	1,1
- Servizos de mercado	3,8	2,8	5,1	3,8	3,1	3,2	3,0	3,6	3,2	1,3
- Servizos non de mercado	3,1	2,0	4,1	4,3	3,5	0,5	2,9	2,9	1,6	0,8
TOTAL POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	2,8	0,4	3,5	3,3	2,5	1,8	1,6	1,1	0,3	-1,5

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

No cuarto trimestre de 2008, o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo decreceu un 1,5%, o que supuxo a destrución de 17.727 postos de traballo nun ano.

Atendendo ás ramas de actividade, un trimestre máis son os servizos os que presentan un mellor comportamento, neste acadan un crecemento do 1,1%. Os servizos de mercado minoran o seu crecemento en 1,9 puntos e os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 0,8%, oito décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior.

As ramas agraria e pesqueira acadan taxas interanuais do -2,4% neste cuarto trimestre do ano, a construción presenta un decrecemento do 11,1%, 4,1 puntos menos que no trimestre anterior e as ramas industriais minoran 2,4 puntos porcentuais a súa taxa de crecemento quedando esta situada no -3,8%.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou no cuarto trimestre de 2008 unha taxa de variación interanual do -1,7%, dato que supón a diminución de 16.335 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano. No conxunto de 2008, este emprego asalariado creceu un 0,5.

Emprego por ramas de actividade

Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

			2007				2008			
	2007	2008	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-1,6	-2,8	-3,9	-1,4	-0,9	0,0	-4,0	-4,1	-1,7	-1,2
Ramas enerxéticas	-6,0	-2,5	-4,2	-6,0	-7,2	-6,7	-3,6	-2,0	-1,9	-2,5
Ramas industriais	3,0	-1,6	2,3	2,5	3,3	3,9	1,1	-0,3	-2,3	-5,1
Construción	4,0	-6,0	5,1	5,1	3,3	2,5	-0,9	-3,6	-7,3	-12,0
Ramas dos servizos	3,5	2,8	4,8	4,1	3,1	2,0	3,2	3,7	2,9	1,4
- Servizos de mercado	3,7	3,2	5,1	4,0	2,9	2,8	3,4	4,2	3,6	1,7
- Servizos non de mercado	3,1	2,0	4,1	4,3	3,5	0,5	2,9	2,9	1,6	0,8
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	3,2	0,5	4,0	3,6	2,9	2,2	2,0	1,7	0,3	-1,7

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no cuarto trimestre de 2008 no 2,0%, oito décimas superior á cifra acadada no trimestre anterior. No ano 2008, a produtividade aparente do factor traballo aumentou un 1,5%, dato tres décimas superior ao de 2007.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no cuarto trimestre de 2008 un crecemento interanual do 3,1%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 2,6%, dúas décimas inferior ao do trimestre anterior. No conxunto do ano 2008 creceu un 4,7%, co que o deflactor implícito da economía creceu un 2,8%, dúas décimas inferior ao do ano 2007.

Contabilidade trimestral. Base 2000. Cuarto trimestre de 2008

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións			2007				2008			
	2007	2008	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	7,1	6,1	7,2	7,3	7,1	6,6	7,1	6,7	6,6	4,1
-Gasto en consumo final dos fogares	7,0	5,3	7,1	7,4	7,1	6,5	6,7	6,0	5,8	2,7
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	7,2	9,0	7,8	7,0	6,9	7,0	8,4	9,3	9,3	9,1
Formación bruta de capital	10,5	2,3	11,8	10,3	9,5	10,2	7,6	4,1	1,4	-3,5
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	9,1	5,4	10,0	9,5	9,1	9,0	8,4	6,8	5,7	1,9
Exportacións de bens e servizos	11,5	2,2	13,4	11,8	13,8	7,5	4,0	5,2	2,2	-2,3
Importacións de bens e servizos	12,2	3,0	14,0	12,4	13,6	8,9	6,0	6,2	3,4	-3,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	7,2	4,7	7,6	7,3	7,1	6,7	6,2	5,2	4,3	3,1
Ramas agraria e pesqueira	6,1	1,7	2,0	6,9	8,2	7,3	3,8	2,8	-2,2	2,7
Ramas enerxéticas	5,0	8,5	9,3	2,8	2,6	5,3	-1,4	9,7	13,9	11,9
Ramas industriais	7,8	3,1	9,9	6,9	10,4	4,2	6,7	5,0	4,1	-3,2
Construción	9,6	3,9	9,6	8,8	9,2	10,9	8,5	6,1	2,1	-0,5
Ramas dos servizos	7,4	8,3	6,4	7,2	7,1	8,8	9,3	8,7	8,1	7,2
- Servizos de mercado	7,2	8,1	6,6	6,5	6,8	9,0	9,6	8,5	8,2	6,3
- Servizos non de mercado	7,9	8,9	6,0	9,4	8,0	8,1	8,5	9,2	7,4	10,4
Impostos netos sobre os produtos	3,2	-12,0	9,6	8,4	1,4	-5,9	-10,1	-14,3	-13,7	-9,7

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Actualización das series das Contas económica anuais

As series do PIB que aquí se presentan incorporan as actualizacións das estimacións das Contas económicas anuais dos anos 2005 e 2006 que tamén difunde hoxe o IGE. Nesta operación do Instituto Galego de Estatística preséntase unha maior desagregación da información anual ata o ano 2006.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>